

A CONSTRUCCIÓN DA VARIANTE ESTÁNDAR DO GALEGO.

A variante estándar ou normativa é unha variedade máis dende o punto de vista lingüístico (non mellor nin peor que as outras) mais dende un punto de vista social é a que goza dun maior prestixio, xa que é a empregada na escrita e nos contextos formais.

Unha lingua so necesita unha variante estándar cando se emprega para estas funcións, de aí que no caso do galego o proceso de construción do estándar non comezase ata o século XIX, da man do Rexurdimento, pois ata daquela a nosa lingua estivera afastada das escrita e dos usos formais durante máis de tres séculos. Fronte a esta situación, as linguas normalizadas do noso contorno, como o portugués, o castelán e o francés, iniciaran xa o proceso de estandarización nos séculos XV e XVI, coa aparición das primeiras gramáticas. Como consecuencia, mentres nestas linguas a elaboración do estándar é o resultado dun longo proceso de séculos, no caso do galego trátase dun fenómeno relativa,mente recente.

Perspectiva histórica.

A normalización é un procesom longo no que xorden polémicas con frecuencia. Os primeiros pasos son:

- A fixación dunha ortografía.
- A escolla dunha variedade estándar, é dicir, unhas normas comúns.
- A elaboración de dicionarios e gramáticas.

Disto ocúpanse linguistas e folólogos. NO caso do galego os dicionarios e as gramáticas comezaron a aparecer na década de 1960, pero ata o sxéculo XX non xorden as primeiras propostas dunha norma común, por máis de dende o XIX os escritores eran moi conscientes desta necesidade.

Pódense distinguir catro etapas no proceso de estandarización da lingua galega:

- Século XIX: galego popularizante.
- 1º terzo do XX: galego enxebriante ou diferencialista.
- 1936 – 1975: galego protoestándar.
- 1975 – hoxe: galego estándar.

A converterse o galego en lingua oficial en Galicia, logo de aprobarse o Estatuto de Aitonomía en 1981, acentúase a necesidade de dispor dunha normativa que uniforme o idioma, co fin de empregalo con garantía de corrección nos ámbitos institucionais e sociais. En **1982 o Instituto da Lingua Galega (ILG) e a Real Academia Galega (RAG) publican as *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega***, declaradas oficiais pola Xunta de Galicia nese ano. Dende ese momento estas normas foron revisadas e actualizadas en 1995 e 2003.

A polémica reintegracionista.

A **tendencia reintegracionista** defende a aproximación do estándar do galego ao do portugués de Lisboa. Os seus defensores agrupáronse na **Associaçom Galega da Língua (AGAL)**, que en 1983, despois de aprobarse as normas oficiais dso ILG e RAG, publicou un estudo *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* co ánimo de rebater os argumentos que xustifican a norma oficial, tomando como referencia a gramática e o dicionario do portugués.

Fronte á postura reintegracionista, os partidarios da normativa oficial, sen negar a existencia dun parentesco e dunha fase común galego-portuguesa, defenden a identidade do galego como lingua diferenciada, autónoma e independente do portugués (xa que dende o nacemento do reino de Portugal, as dúas linguas teñen historias diverxentes) e toman como punto de partida o galego oral, depurando os elementos espurios provocados pola convivencia co castelán.

Entre o reintegracionismo extremo e a normativa oficial xurdiu outra tendencia partidaria dun achegamento ao portugués, pero só en canto á intervención e planificación do léxico, por considerar pouco viable a aproximación ortográfica.

A súa proposta recolleuse nas *Orientacion para a escrita do noso idioma*, publicadas pola **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG)** en 1980. É a denominada “**normativa de mínimos**”.

No ano 2003 aprobáronse as normas vixentes na actualidade, que aglutinan as opcións da normativa de mínimos e a oficial, de xeito que hoxe en día a maioría da sociedade utiliza a mesma variedade estándar. Por isto, deuse en chamar a esta revisión da normativa de 2003 “**normativa de concordia**”.

A normativa de “concordia”.

Fixación da norma.

Canto á **fixación da ortografía**, a proposta combinba tres criterios:

- **Criterio fonolóxico:** segundo o cal se usa unha soa grafía para un único fonema. Así o fonema fricativo palatal xordo (/ʃ/) represéntase co grafema **x** independentemente da súa procedencia etimolóxica (*peixe, xente, hoxe* vs *peixe, gente, hoje* do portugués).
- **Criterio etimolóxico:** a representación gráfica dun fonema depende do étimo latino de cada palabra. Así, para a oclusiva bilabial sonora /b/ utilízanse as grafías **b** e **b** (gal. *Voda* < lat. *VOTA*; gal. *Marabilla, marabilloso* < *MIRABILIS, -E*). O mesmo criterio rexe para o uso ou non do grafema **h-** (gal. *ovo* < lat. *OVU*; gal. *harmonía* < lat. *HARMONIA* < gr. *HARMONIA*; gal. *home* < lat. *HOMINEM*).
- **Tradición escrita:** na representación das palatais nasal /ɲ/ e lateral /ʎ/, óptase polas grafías **ñ** e **ll**, solucións que xa adoptaran os escritores do rexurdimento, fronte as *nh* ou *lh* do portugués.

Selección da variedade estándar.

Con respecto á selección da variedade estándar existen dúas posibilidades: ou escoller unha ads variedade xeográficas da lingua para que exeeza esa función, baseándose en criterios históricos ou

políticos, ou eleborar unha variedade supradialectal combinando trazos de diferentes zonas. Esta última foi a elixida para a elaboración do estándar galego.

Na selección dos trazos propios do estándar téñense en conta os seguintes criterios:

- A maior extensión xeográfica.
- A maior extensión demográfica (número de falantes)
- O grao de uso na literatura.
- A harmonía coas demais linguas románicas, especialmente co portugués.

Así, para o pronome suxeito de segunda persoa escolleuse a forma “ti” en lugar de “tu” por ser a maioritaria e con máis presenza na tradición literaria. Noutros casos optouse pola opción minoritaria pero coincidente co portugués, como o demostrativo neutro *isto*, *iso*, *aquilo*, en lugar de *esto*, *eso*, *aquelo*, que son maioritarias.

Ademais, tal e como se recolle na introdución das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, a variedade estándar debe aspirar a ser “unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura”. Polo tanto, debe excluír os castelanismos, hiperenxebrismos (diferencialismo radical), arcaísmos ou lusismos innecesarios.

Non obstante, co fin de cubrir lagoas léxicas para as que non existe unha forma patrimonial galega, así como para depurar a lingua de castelanismos o recurso ao galego antigo e mais ao portugués é unha ferramenta útil. Na recuperación de palabras como *deus*, *igrexia*, *rúa* ou *testemuño*, recorreuse ao galego antigo. En cambio, seguiuuse o portugués para incorporar palabras como *autoestrada* ou *orçamento*, pois non existía un termo no galego popular para estes conceptos. Outra posibilidade é a creación de palabras novas (neoloxismos), aínda que esta é menos usada. Son exemplo de neoloxismo termos como *beriarúa* ou *beiravía*.